

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA
26 DE MAIO DE 2014. NÚM. 7/2014.-**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.).
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

1.- Aprobación das actas nº 4/2014 e nº 5/2014 das sesións do 28 de abril e nº 6/2014 da sesión de 5 de maio	páx.3
2.- Decretos de Alcaldía. Dación de conta	páx.5
3.- Dación de conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao primeiro trimestre de 2014.....	páx.6
4.- Expediente de modificación de créditos Nº 6-P/2014 de crédito extraordinario..	páx. 7
5.- Expediente de cesión de uso dunha parcela de propiedade municipal ubicada no Polígono Industrial Lalín 2000 á Deputación Provincial de Pontevedra para a construción dunha nave adicada a viveiro de empresas e convenio de colaboración..	páx.12
6.- Aprobación definitiva do estudio de detalle previo á licenza de obra de mantemento e conservación de muro lindeiro entre propiedades Expdte. 7355/13)	páx. 14
7.-Moción PP.....	páx.16
7.1.- Moción do PP para a aprobación dun programa piloto de compostaxe na área rural	páx.16
8.- Moción do PSdeG-PSOE.....	páx.18
8.1.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando a comparecencia do Sr. Alcalde ou concelleiro delegado para explicar como se vai abordar o cambio lexislativo en relación á organización de festas populares das parroquias, actos lúdicos e recreativos, etc, control, inspección e taxas.....	páx.18
9.- Mocións BNG.....	páx.19
9.1.- Moción do BNG en demanda de políticas activas de emprego	páx.19
9.2.- Moción do BNG dobre a rebaixa da peaxe na AP-9 e o traspaso da súa titularidade a Galicia	páx.21
10.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 8/2014. Tramitación por urxencia.....	páx. 21
11.- Rogos e preguntas.....	páx. 23

=====

Sendo as dez horas do día **26 de maio de 2014**, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

Brevemente o Sr. Alcalde-Presidente, ***D. Xosé Crespo Iglesias***, deu a benvida ao edil ***D. Xesús Cordeiro Budiño***, que o pasado día 28 de abril de 2014, luns, sentiuse indisposto e tivo que ser hospitalizado no transcurso da sesión plenaria. Hoxe xa de volta, desexoulles o seu pronto restablecemento.

Pola súa parte ***D. Xesús Cordeiro Budiño*** agradeceu a todos os presentes o que fixeron por el e o seu comportamento diante da situación do devandito día e que motivou o seu traslado ao hospital de Santiago.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS Nº 4/2014 E Nº 5/2014 DAS SESIÓNS DO 28 DE ABRIL E Nº 6/2014 DA SESIÓN DE 5 DE MAIO.-

Deuse conta pola Presidencia dos borradores das actas nº 4/2014 e nº 5/2014 das sesións ordinaria e extraordinaria, respectivamente, do día 28 de abril de 2014, e da nº 6/2014 da sesión extraordinaria do día 5 de maio de 2014. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren ás mesmas.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar as ditas actas nº 4/2014 e nº 5/2014 correspondentes ás sesións ordinaria e extraordinaria, respectivamente, do día 28 de abril de 2014, e a nº 6/2014 da sesión extraordinaria do día 5 de maio de 2014, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2014. -

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao primeiro trimestre de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 22 de maio de 2014, na que quedou enterada.

Polo grupo de goberno, **D. Manuel Gómez Estévez**, concelleiro delegado de Facenda, explicou o seu contido.

O Pleno da Corporación:

Primeiro.- Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao primeiro trimestre de 2014 emitidos pola Tesourería Municipal.

Segundo.- En cumprimento da normativa vixente acordou seguir as actuacións e dar publicidade na web municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 6-P/2014 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 21 de maio de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 22 de maio de 2014.

Na exposición do expediente, o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, explicou o contido do mesmo.

Sinalou que había unha parte que se refería ás expropiacións dos terreos para a vindeira construción do CAR. Unha parte do prezo xa se pagou; a outra, á vista da decisión do tribunal do xustiprezo, era a que agora se consignaba.

O mesmo sucedía coa grúa municipal. Agora había un plantexamento distinto. Antes pensábase que había que xestionala desde o Concello. Pero diante da actual situación non era nada fácil facelo, porque non estaba a praza creada na RPT e había que externalizar o servizo. Tería moi difícil xustificación e non quedaba máis remedio que facelo. De todos os xeitos seguían sendo partidarios de que funcionase coa xestión directa.

No tema dos discos, sucedía que cada ano se compraban moitos discos para a Zona Azul e se entregaban. E isto ía en aumento. Por iso propoñíase cambiar o sistema; agora se entregarían e aprobaríase unha ordenanza para cobrar por cada un deles sobre un euro.

No tema do convenio co Concello de Santiago e outros buscábase a adhesión a uns programas de promocións turística que podían ser beneficiosos para Lalín.

No tema da compostaxe, tratábase de implantar un plan experimental. De seguido leu o seu importe total.

O Sr. Alcalde **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que no tema do xustiprezo do CAR o goberno contaba con pagar aínda máis. Non foi así.

Sucedía que, ás veces, segundo quen fose a administración que expropiaba, unha pagaba unha cantidade e outra pagaba aínda máis. De todos os xeitos entendía que o tribunal do xustiprezo sempre subía as cantidades ofertadas. Por elo, o Concello sempre tiña que ir á baixa.

No tema da grúa queríase corrixir o que se fixo cando se adquiriu o vehículo. Resultaba que non se podía contratar a un condutor da grúa, porque había dificultades coa política de persoal que seguía o goberno central. Queríase sacar a licitación o servizo por un ano prorrogable. Non obstante indicou que en canto sexa posible contratar a un condutor, contrataríase, e levaríase por xestión directa do Concello este servizo.

No tema da praza do informático, falábase dun profesional porque facía falta. Había unha subvención do CEMIT que en parte financiou esta praza.

Tamén quería saca esta praza coa de condutor da motoniveladora. No tema dos discos, había que cambiar de sistema. Agora íanse comprar uns cinco mil discos; pero ademais se tramitaría e aprobaríase unha ordenanza e cobraríase un euro por disco. En compostaxe, SOGAMA hoxe recibía moitos quilos de máis na bolsa negra, con lixo que non debía ir na mesma, senón separados e nas bolsas amarela ou de vidro ou papel. Para elo intentaría establecer o sistema de compostaxe no rural e tamén na periferia de Lalín. Con este fin se falou con ADEGA, para implantar un sistema de compostaxe e para promover a educación ambiental para separar e reciclar, e impartir cursos. O Concello consultaría a tres organizacións ecoloxistas porque eran as que estaban máis implicadas e motivadas e as que mellor podían facer a labor. Tamén se prevía instalar un composteiro comunitario. Todo elo custaría preto de nove mil euros para os composteiros. Finalmente prevíase facer unha campaña nos colexios de concienciación e educación ambiental.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** indicou que algunhas das propostas que se recollían no expedientes xa foran defendidas por eles en anteriores sesións plenarias.

No referente ao tema do pago da expropiación do CAR, sinalou que eles defenderon no seu día que se negociase cos veciños, sen presas nel. Hoxe o tempo lles deu a razón. A proba era que non se fixo o edificio, a pesar de que era e é unha instalación necesaria para os veciños do Deza.

Os prezos abonados polos terreos previstos polo concello eran baixos, e o seu grupo propoñía abonar máis. Agora subiuse un sesenta por cento, sen contar co feito de que parte de veciños podían acudir ao recurso contencioso-administrativo para defender os seus dereitos.

Neste tema do CAR non entendía como o grupo de goberno non levaba a voz cantante e esixía esta instalación agora que gobernaba o PP na Xunta de Galicia. De todos os xeitos afirmou que non aparecía nada previsto nos actuais orzamentos da Xunta de Galicia.

A maiores deste problema, indicou que había que defender a medicina primaria e non a hospitalización. Lembrou que houbo un convenio que o Sr. Alcalde tivo aparcado e gardado un certo tempo e que non se asinou. Perdeuse tempo.

Tamén indicou que a actual política da Xunta de Galicia era a de promocionar a xestión clínica en vez de traer especialidades ao CAR de Lalín. Esta política estaría en contradición cos fins e coas previsións de asistencia do CAR. Finalmente habería que ter en conta que as tendencias actuais do goberno pasaban pola privatización.

Lembrou que cando gobernou o chamado bipartito se fixo todo o posible porque o CAR saíse adiante. Agora esperaba que o goberno municipal actúe e esixa o mesmo que antes esixía co goberno bipartito. De non ser así, cando o PSOE e o BNG volvan ao goberno farán todo o posible por traer o CAR.

Sobre a grúa dixo que eles votaron a favor da proposta de comprar o vehículo porque ía haber unha xestión directa. Non estaban de acordo en privatizar o servizo. O tema dos condutores o descoñecían; non obstante consideraba que debeu ser estudado a tempo. Ao mellor había que comprar outro novo e non comprar este vehículo vello. Non estaban de acordo en sacar a concurso este expediente.

Sobre os discos na zona azul manifestou que eran escasos os que había. No caso de comprar eses cinco mil, habería que aprobar unha taxa e logo poñelos a fácil disposición, para que os posibles usuarios tiveran fácil informarse sobre eles e conseguilos.

No tema da compostaxe estaban de acordo. Era un plan experimental ou piloto a curto prazo. Non obstante pediu que se conseguisen os composteiros gratis como pasaba no Concello de A Estrada, no que era a Deputación Provincial de Pontevedra a que os facilitaba. Absteríanse no conxunto, aínda que nalgúns puntos estaban a favor e noutros non.

O que sí vían con urxencia era contar co CAR, e reducir o importe a abonar a SOGAMA e aforrar cartos nos custos municipais.

Por alusións **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que nos dous últimos anos entregáronse máis de vinte e cinco mil discos. A xente cada vez pedía máis e había que poñer un límite e establecer un sistema con un mínimo control.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que se absterían. Consideraban fundamental contar co CAR nun intre en que no campo sanitario se estaba a dismantelar a actuación asistencial. *“Non sabemos se será inminente, pero agora había que apostar pola sanidade pública e non pola súa privatización, que era o que se estaba vendo ultimamente”*, afirmou.

Sobre os prezos dos terreos, afirmou que lle gustaría que o xurado de expropiación actuase sen presións e con independencia.

No tema da grúa eles defendían a prestación como servizo público cos medios e co vehículo municipal. Non estaban de acordo en privatizalo. O vehículo estaba en bo estado de conservación. Este servizo había que sacalo e prestalo sexa como sexa xa. O que pasou neste servizo foi un fallo, en ningún caso achacable á oposición.

Estaban a favor do novo sistema de entrega dos discos.

Sobre o tema da adhesión a eses entes de carácter turístico, dixo que non o vían claro. Non valía a pena, porque esta comarca non podía engancharse a outra tendo características propias, e así había que tratala.

Sobre o tema do lixo e o compostaxe, estaba a favor do proxecto piloto. Tamén pediu que como sucedía na Estrada, se pedise que a Deputación Provincial abonase os fondos para elo, e así o Concello aforraría os cartos.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** afirmou que el xa avogou no seu día pola negociación cos veciños na adquisición dos terreos para o CAR.

Sobre os discos da zona azul manifestou estar a favor, pero tamén había que dar unha información seria ao que viñera a Lalín e quixera comprar o discos.

Sobre a grúa, salientou que era partidario de continuar coa prestación do servizo.

En relación co experimento de compostaxe, tamén estaba a favor desta experiencia, pero sempre vendo e observando como se desenvolvía o tema. Era positivo ensaiar e buscar fórmulas axeitadas de prestación deste servizo e sobre todo cando as causas eran económicas. Absteríase.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que non era certo o que dixo o voceiro do PSOE de que o goberno municipal non apostou polo CAR e que logo o PSOE afirmase que si, no tema do CAR. Eles sempre apostaron por esta instalación.

Lembrou que este Concello adquiriu os terreos, expropiúnos, e cedeunos á Xunta de Galicia, algo que non fixeron por exemplo os concellos de Pontevedra ou de Vigo, nos que tivo que ser a Xunta quen os conseguise. Non era xusto esta forma de actuar. Citou unhas verbas da Sra. Conselleira indicando que o CAR de Lalín ía no mesmo paquete que o de Pontevedra e o de Cangas. Neste asunto Lalín era un dos concellos máis prexudicados de Galicia.

Sobre os contedores por parroquia aludidos pola oposición, indicou que había un contedor de vidro por parroquia. Non obstante, admitiu que ese número podía non ser suficiente. Recordou que había que mentalizar desde a infancia e no ensino á xente para separar e para reciclar, porque había persoas que non separaban o lixo e que mesmo non botaba o vidro nos contedores, e con elo xeraba un custo adicional ao Concello.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** volveu insistir en que non había nada previsto para o CAR nos orzamentos deste ano da Xunta de Galicia. Dixo que non cría nas verbas da Sra. Conselleira. Reprochou que antes, cando o bipartito gobernaba, o equipo de goberno municipal estaba detrás; agora non había ningunha actuación reivindicativa prevista. En suma, non había nada recollido, nin previsto e o goberno do Concello non facía nada, e non existía para este tema.

Lembrou que o goberno municipal inicialmente quería construír o CAR nunha parcela de dous mil metros por detrás do actual ambulatorio, e así o propuxo. Logo pasou que se gardou no caixón do despacho o modelo do convenio. En suma, non tivo vontade de acceder e de dar vía libre a esta instalación e hoxe non había ningún “afán guerreiro de pelexar pola mesma”.

Hoxe tampouco había esa vontade de acometer as obras acordadas. Así sucedía tamén co proxectado edificio de Medio Rural e co Centro de Día.

Doutra banda había que dicir que coa nova política da Xunta de Galicia e coas novas directrices que se estaban a implantar no eido sanitario, o CAR non era moi compatible coas chamadas unidades asistenciais.

Sobre o Hospital de Pontevedra, afirmou que aínda non ía adiante e que os terreos xa estaban abandonados.

En resumo había que reivindicar o CAR, pero tamén había que ir contra a xestión clínica e a nova política sanitaria da Xunta de Galicia.

Rematou o Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, incidindo en que eles sempre quixeron e defenderon o CAR, poñendo para elo todos os medios. Hoxe o edificio estaba no mesmo paquete que o CAR de Cangas e que o Hospital de Vigo. “O CAR de Lalín farase, non ten dúbida, antes ou despois”, afirmou.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: sete (7), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dúas (2) dos concelleiros do BNG e unha (1) do concelleiro do PGD.

Xa que logo **APROBOUSE a proposta e o expediente do seguinte tenor:**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 6-P/2014, a financiar mediante Remanente Líquido da Tesourería para Gastos Xerais procedente do peche do exercicio 2013, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para, por un lado cumprir co acordo do xurado de expropiación de Galicia sobre diversas fincas afectadas polo Novo Complexo Sanitario-Asistencial SG-EQ (Centro de Alta Resolución, Ambulatorio e Punto de Atención continuada) e terreos dotacionais colindantes, TM Lalín.

A urxencia deste expediente ven derivada da obriga de levar a cabo os trámites precisos para o abono das cantidades xurdidas da diferente valoración outorgada polo concello e o xustiprezo marcado polo xurado, no tempo máis curto para reducir a cantidade abonada en concepto de intereses.

Por outra banda tamén ven da necesidade de dotar de crédito para proceder á externalización do servizo de grúa municipal, diante da imposibilidade de proceder á contratación de persoal por carecer de prazas en plantilla, e de que non se podía seguir prestando o servizo nos termos anteriormente licitados pola escasa demanda do mesmo.

Pero considera o Concello isto como un servizo esencial, polo beneficio que reporta no tráfico rodado, xa que se evitan os atascos polos coches en dobre fila, se reducen prexuízos na demora na retirada de vehículos dos garaxes con vao municipal, e se facilita a retirada do resto de vehículos mal aparcados que prexudican o normal desenrolo da vida municipal.

Outro paso é a adquisición de discos da zona azul. A urxencia neste caso viña motivada da escasez de discos, pola alta demanda dos mesmos, e a necesidade de contar con eles para

entregar aos visitantes que os demanden e cumprir así coa ordenanza municipal.

Tamén compre dotar crédito para cumprir co convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da Área de Santiago. Aquí a urxencia está acreditada pola necesidade de por en marcha este proxecto, xa que cando se elaborou o orzamento do 2014 non estaba perfilado. Elo significou non prever crédito algún para transferir a esta entidade, a pesar de que no orzamento 2014 si se fixo unha aposta clara pola promoción turística coa partida destinada á Feira do Cocido e por outra banda amosado tamén polo gran incremento da partida propia adicada ó turismo.

Por último engádesse a realización dun programa piloto de compostaxe caseira e comunitaria co obxectivo de colaborar co medio ambiente mediante a redución do lixo biodegradable que agora se envía ó vertedoiro.

Como consecuencia desta redución conseguiríamos minorar a cantidade que abona o Concello a SOGAMA, xa que diminuirán os quilos de lixo que se recollan na parroquia seleccionada para implantar o programa piloto. A urxencia da introdución desta modificación de crédito ven determinada polo aforro que con este proxecto se conseguiría nas arcas municipais. Canto antes se implante máis aforro se conseguirá.

Ademais ó ser un proxecto piloto en función do resultado obtido, determinarase a viabilidade de implantar a medida no resto do termo municipal.

En base ao anteriormente exposto, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de Modificación de créditos nº 6-P/2014, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a Remanente Líquido da Tesourería para gastos xerais procedente da Liquidación do exercicio 2013 de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
151.600.09	Urbanismo. Expropiación de terreos novo complexo sanitario-asistencial CAR .	111.068,25 €
011.352.02	Débeda Pública. Interese de Demora CAR por xustiprezo.	14.264,58 €
133.227.99.08	Ordenación do Tráfico e do Estacionamento. Servizo de Recollida de Vehículos (GRÚA).	35.000,00 €
133.226.99.03	Ordenación do Tráfico e do Estacionamento. Discos Zona Azul.	3.146,00 €
432.466.02	Ordenación e promoción turística. Conv. Xestión Compartida Turismo Área Santiago.	3.902,17 €
162.226.02	Recolla, eliminación e tratamento de Residuos. Publicidade e Propaganda.	556,60 €
162.227.06	Recolla, eliminación e tratamento de Residuos. Estudios e Traballos Técnicos.	9.700,00 €
162.780.03	Recolla, eliminación e tratamento de Residuos. Entrega de Composteiros para a Implantación	5.808,00 €

Programa Compost Caseira.

TOTAL ALTAS CREDITO EXTRAORDINARIO 183.445,60 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2013, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO DUNHA PARCELA DE PROPIEDAD MUNICIPAL UBICADA NO POLÍGONO INDUSTRIAL LALÍN 2000 Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE ADICADA A VIVEIRO DE EMPRESAS E CONVENIO DE COLABORACIÓN.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Concelleiro Delegado de Facenda de data 16 de maio de 2014. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 22 de maio de 2014.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** explicou o expediente. Tratábase de continuar a súa tramitación e ceder á Deputación Provincial a parcela, cuxo acordo de inicio xa foi antes a sesión da comisión informativa e á Xunta de Goberno Local, encamiñadas a construír unha nave e a instalar un viveiro de empresas na mesma. Había outros casos similares na zona franca de Vigo, en Porriño e outros lugares, e en todas elas o sistema utilizado era similar a este. Na nave contábase con instalar despachos e logo unha serie de talleres e servizos para que os emprendedores e empresarios puideran desenvolver a súa actividade nos mesmos e en condicións económicas favorables.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** estaba de acordo coa iniciativa, pero como xa tiñan dito en máis dunha ocasión e tamén na derradeira comisión informativa, sería máis axeitado que, en vez de construír unha nave, se aproveitase algunha das naves que xa estaban construídas e baleiras nos polígonos industriais de Lalín, e así axudaría a algunha empresa. Había moitas naves abandonadas, e podía negociarse cos seus donos en vez de construír unha nova. De todos os xeitos, apoiarían a proposta.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** adiantou a abstención do seu grupo. Entendía que había que aproveitar as naves xa edificadas e sen uso, nestes intres en que se empregaban criterios de eficiencia, non era adecuado construír unha nave, habendo moitas abandonadas.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** dixo que lle parecía unha boa idea, a pesar de que tamén era partidario de que se buscasen fórmulas menos custosas. Agora se trataba de compensar ese esforzo realizado polas empresas e axudalas, diminuindo a presión fiscal ou con medidas coma esta. Gobernar non era unha tarefa fácil. Hoxe moitos comercios e empresas cerraron as súas portas por motivos económicos; ben podía axudalos o Concello coas medidas que poida acordar.

Rematou **D. Román Rodríguez González**, voceiro do equipo gobernante, sostendo que o goberno municipal sempre apoiaba e axudaba ás empresas. Non obstante había que dicir que neste caso os fondos viñan de Europa e estaban destinados á construción e á instalación dun viveiro de empresas, e non para naves xa construídas. Ao mellor podía adaptarse e acondicionarse algunha destas, pero resultaba moi complicado. Había que ter en conta que moitas das naves que había hoxe abandonadas nos polígonos estaban hipotecadas, os donos tiñan débedas, había problemas xudiciais e resultaba moi complicado xuridicamente encarrilar unha operación desta clase con prazos a cumprir e aspectos claros a xustificar.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezanove (19), sendo catorce (14) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE e un (1) do PGD.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dúas (2) do BNG.

Xa que logo **APROBOUSE a proposta e o expediente do seguinte tenor:**

O Concello de Lalín é propietario da Parcela E-3 emprazada no Polígono Industrial Lalín 2000 de Lalín, con referencia catastral 9851901NH6295S0001EL, inscrita no Rexistro da Propiedade de Lalín no Tomo 988, Libro 373, Folio 13, Alta 1 e inventariada como inmovible urbano no Inventario Municipal co número de orde 127.

Na parcela descrita a Deputación Provincial de Pontevedra pretende construír unha nave adicada a Viveiro de Empresas así como o acondicionamento do contorno e os accesos á mesma.

Co fin de regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín, é preciso asinar o correspondente convenio administrativo regulador dos dereitos e obrigas das partes, a través do cal o Concello de Lalín vaille ceder á Deputación de Pontevedra os dereitos de uso e utilización dunha superficie de 2.200 m² da Parcela E-3 enriba descrita, sen que se efectúe segregación da dita parcela.

O inicio do expediente foi ditaminado favorablemente na sesión da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio celebrada o pasado día 27 de marzo de 2014. Así mesmo, na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o pasado día 31 de marzo de 2014 acordouse iniciar o expediente de cesión de uso da parcela e someter dito expediente a exposición pública durante o prazo de 15 días.

O expediente foi exposto ao público dende o día 15/04/2014 e ata o 05/05/2014, ámbolos dous incluídos, segundo anuncio publicado no BOP nº 72 do 14/04/2014. Contra dito expediente non se presentou ningunha reclamación no prazo concedido a tal efecto.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Documento de solicitude de inicio do expediente remitido pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra (registro núm. 4971 de 3 de setembro de 2013).
- Modelo de Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a cesión gratuíta dos dereitos de uso e utilización dunha parcela municipal ubicada no Polígono Industrial Lalín 2000 con destino á construción dunha nave destinada a viveiro de empresas.
- Informe de valoración emitido polo asesor urbanístico municipal de data 20 de xaneiro de 2014.
- Informe técnico do arquitecto técnico municipal, de data 24 de marzo de 2014.
- Certificado de Secretaría, de data 24 de marzo de 2014, relativo á inscrición da parcela no Inventario de Bens Municipais.
- Informe de Intervención, de data 24 de marzo de 2014.
- Informe de Secretaría, de data 24 de marzo de 2014.
- Ditame favorable da Comisión Informativa Facenda e Patrimonio, da sesión celebrada o día 27 de marzo de 2014.
- Acordo da Xunta de Goberno Local da sesión celebrada o día 31 de marzo de 2014.
- Anuncio de exposición ao público (BOP nº 72 de 14/04/2014) e certificado da non presentación de reclamacións no prazo concedido a tal efecto de data 8 de maio de 2014.

Xa que logo, á vista destes antecedentes e tendo en conta a documentación obrante no expediente, **o Pleno da corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Ceder o uso e utilización de 2.200 m² da parcela de propiedade municipal E-3 emprazada no Polígono Industrial Lalín 2000, con referencia catastral 9851901NH6295S0001EL, á Deputación Provincial de Pontevedra para a construción dunha nave adicada a viveiro de empresas e o acondicionamento do contorno e os accesos á mesma.

Segundo.- Aprobar o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a cesión gratuíta dos dereitos de uso e utilización dunha parcela municipal ubicada no Polígono Industrial Lalín 2000 con destino á construción dunha nave destinada a viveiro de empresas, e facultar ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.

6.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE PREVIO Á LICENZA DE OBRA DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE MURO LINDEIRO ENTRE PROPIEDADES (EXPDTE. 7355/13).-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo de data 28 de abril de 2014. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 22 de maio de 2014.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** explicou o expediente. Había que aprobar definitivamente este expediente de obras na Cidade Xardín. Tratábase de levantar un muro e allanar. Por elo a rasante modificárase. O veciño atopárase cun muro xa

feito, e beneficiaba a todos, pensaba.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** dixo que non vían mal o expediente, pero absteríanse.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezasete (17), sendo catorce (14) do PP, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: catro (4) do PSdeG-PSOE .

Xa que logo **APROBOUSE a proposta e o expediente do seguinte tenor:**

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- D^a. CECILIA TABOADA GONZÁLEZ, con DNI 34567177V e con enderezo a efectos de notificacións na rúa das Camelias, número 5, de Lalín, presentou, para a súa aprobación, un estudo de detalle como paso previo á concesión de licenza de obra de mantemento e conservación de muro lindeiro entre propiedades, sito na parte posterior da finca sita na rúa das Camelias, número 5, de Lalín (**Expte. 7355/13**).

SEGUNDO.- Examinada a documentación aportada pola interesada, con data 29 de xaneiro de 2014, os Servizos Técnicos Municipais emiten informe, no que se expresa o seguinte:

“INFORME

O que subscribe, en calidade de Arquitecto Técnico Municipal, emitindo o informe interesado pola Alcaldía de Lalín, en relación co solicitado por D^a.Cecilia Taboada González, que pretende a realización de un muro de contención de terras na parte posterior da finca sita na rúa das Camelias nº 5 (parcela referencia catastral 2843007NH7224S0001BO) modificando a rasante actual, para o que achega Estudio de Detalle realizado pola arquitecta Dona María. Celia Bernárdez Nogueira.

Cómpre informar que o emprazamento indicado corresponde a solo clasificado polo PXOM como Solo Urbano.

A finalidade do presente Estudio de Detalle é modificar a rasante actual do terreo sito na parte posterior da finca indicada anteriormente, elevando a rasante actual un máximo de 1,70 metros e posteriormente realizar o correspondente muro de contención de terras de 4,70 metros de altura; e sobre este muro un peche de 1,00 metro de altura.

Considero que non existe inconveniente algún no presente estudio de Detalle de acordo de acordo co indicado no artigo 73 da Lei 9/2002 de 30 de decembro (LOUGA), se ben debería tramitarse de conformidade co indicado no art.86.2 da mencionada Lei 9/2002.”

TERCEIRO.- En consecuencia, a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 17 de febreiro de 2014, aprobou inicialmente o referido estudio de detalle.

CUARTO.- Mediante anuncios publicados no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro municipal de editos e no xornal “Faro de Vigo”, realizouse o trámite de información pública, durante o cal non se presentaron alegacións, segundo se acredita na certificación da Secretaría Xeral de data 15/04/2014.

QUINTO.- Con data 25 de abril de 2014, o Xefe do Servizo de Urbanismo emitiu, para o efecto, informe xurídico favorable.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 86.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece o seguinte:

“Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente coas modificacións que resulten pertinentes”.

SEGUNDO.- Segundo o disposto polo artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é atribución do Pleno *“a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística”.* Conforme expresa o apartado 4 dese mesmo precepto, tal atribución non é delegable.

TERCEIRO.- Á vista do artigo 47 da citada Lei 7/1985, é suficiente a adopción do acordo por maioría simple.

En consecuencia, o Pleno da corporación **ACORDOU:**

Aprobar definitivamente o citado Estudio de Detalle, obxecto do **expte. 7355/13**, como paso previo á concesión de licenza de obra de mantemento e conservación de muro lindeiro entre propiedades, sito na parte posterior da finca sita na rúa das Camelias núm.5, de Lalín, promovido por **D^a. Cecilia Taboada González** e realizado, con data decembro de 2013, pola arquitecta D^a M^a. Celia Bernárdez Nogueira (Col. 3452 COAG).

7.- MOCIÓN DO PP.-

7.1. MOCIÓN DO PP PARA A APROBACIÓN DUN PROGRAMA PILOTO DE COMPOSTAXE NA ÁREA RURAL.-

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 20 de maio de 2014, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 2950. De seguido o Sr. Secretario deu lectura do ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 22 de maio de 2014.

O debate relativo ao contido da moción realizouse no punto 4 da orde do día da sesión relativa ao Expediente de modificación de créditos nº 6-P/2014 de crédito extraordinario.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que inclúe vinte e un (21) votos a favor, sendo catorce (14) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

A problemática dos residuos no mundo contemporáneo é relativamente recente e afecta a boa parte do planeta. Nas sociedades avanzadas as respostas a este problema baséanse en sistemas de xestión cada vez máis tecnificados e complexos onde os instrumentos de comunicación e educación ambiental adoitan ser subsidiarios e centrarse case obsesivamente na instrución dos cidadáns para a separación correcta de fraccións.

O sistema actual de xestión de residuos en Galicia dá prioridade á incineración, deixa unha pequena concesión á reciclaxe, e por outro lado non pon un límite á xeración de residuos en orixe, que diariamente se producen en cada unidade familiar. Sen embargo, tendo en conta a estratexia de xestión dos residuos na Unión Europea definida no Vº e no VIº Programa de Acción en materia de medio ambiente, a cal se basea na prioridade das tres erres (redución, reutilización e reciclaxe, nesta orde) xa se ten en conta a compostaxe, como un sistema de redución.

A produción de compost a escala doméstica preséntase como a solución máis sostible - tanto dende o punto de vista ecolóxico coma dende o punto de vista económico e social- para a xestión dos residuos orgánicos do fogar, os cales representan por termo medio un 50 % dos residuos producidos diariamente por unidade familiar.

Na reciclaxe da materia orgánica, a compostaxe doméstica no ámbito rural, permite retirar do lixo convencional, en torno ao corenta por cento dos desperdicios, así como na necesidade de depositar o resto dos residuos nos colectores correspondentes, xa que, de ser mesturados no colector xenérico, increméntase notablemente o peso dos refugallos a tratar, co sobrecusto que iso implica.

Motivación.-

O incremento do canon de tratamento do lixo de SOGAMA, que cada concello terá que pagar, e que é debido á recente reforma no mercado eléctrico, contempla un serio recorte económico nas primas ás fontes enerxéticas cualificadas como renovables e en réxime especial, supón un incremento do 34 % que se aplicará para o ano 2014, é un dos principais motivos polos cales se tenta acadar una solución estratéxica de aforro e redución. Con ese obxectivo, e para levar a cabo unha xestión máis sostible e menos custosa dos residuos urbanos no Concello de Lalín, optouse pola posta en marcha deste Plan Piloto de Compostaxe.

Proxecto.-

O proxecto consiste nunha parte práctica, coa instalación dun aparato ou composteiro, por unidade familiar, así como algún composteiro de obra para servizo comunitario dun grupo de veciños, como novidade fronte á esterqueira tradicional (pila de residuos), o cal permite protexer a masa de residuos de axentes externos non desexados, e acelerar a súa descomposición. Outro elemento do proxecto tecnolóxico é o dominio en profundidade e a comprensión do proceso de compostaxe e dos beneficios que comporta para a sociedade e para o medio ambiente por parte das persoas encargadas da súa aplicación. Tamén se contempla a análise e a avaliación da calidade do compost que se produce, así como dunha asistencia teórica ou educativa, que consiste na dinamización do proceso de participación e na organización do proceso de aprendizaxe a través dun sistema de instrución alcanzable aos usuarios tanto do proceso de compostaxe como da xestión dos residuos en xeral, dos aspectos ecolóxicos e ambientais relacionados, a elaboración de materiais de apoio (guías) e da avaliación.

Obxectivo.-

A finalidade principal deste proxecto é demostrar que a compostaxe é unha solución viable, efectiva e particularmente funcional para xestionar os residuos orgánicos domésticos que se producen nas zonas cun hábitat disperso como o de Lalín, ou calquera do medio rural galego e noutras formacións urbanas de vivendas unifamiliares, así como coñecer o grao de aceptación desta alternativa por parte dos seus destinatarios potenciais. Preténdese, igualmente, recuperar unha práctica tradicional que permite a autonomía e a autosuficiencia dos participantes na xestión dos residuos domésticos que producen.

En base ao anterior, **o Pleno da corporación ACORDOU:**

Aprobar a implantación dun programa piloto de compostaxe familiar e común nunha parroquia deste concello, que será seleccionada segundo criterios técnicos e obxectivos (como número de familias, dispersión xeográfica, proximidade ao núcleo urbano, etc...). Para isto vai ser preciso a adquisición de 100 composteiros individuais, e a construción dun composteiro común, así como, a asistencia técnica e formativa para asesorar e informar aos veciños do control e funcionamento dos composteiros co fin de avaliar e analizar os resultados para determinar a viabilidade da posible implantación deste sistema en todo o termo municipal.

8.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE.-

8.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE OU CONCELLEIRO DELEGADO PARA EXPLICAR COMO SE VAI ABORDAR O CAMBIO LEXISLATIVO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DE FESTAS POPULARES DAS PARROQUIAS, ACTOS LÚDICOS E RECREATIVOS, ETC, CONTROL, INSPECCIÓN E TAXAS.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 18 de maio de 2014, con entrada municipal o día 19 de maio de 2014 e número de rexistro 2903. De seguido o Sr. *Secretario* deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 22 de maio de 2014.

Na defensa da moción, polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** explicou que diante desta lei de emprendedores que saíu recentemente xurdiron problemas nos concellos galegos á hora de celebrar as súas festas, por mor do cumprimento dunha serie de requisitos que excedían das súas posibilidades e dos medios cos que contaban nas parroquias. Por iso querían saber, e preguntar ao edil responsable ou ao Sr. Alcalde.

Declinou falar o voceiro do BNG.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** salientou que estabamos diante dunha lei de entorpecemento máis que de emprendemento. Criticou a chea de requisitos que esixían para celebrar as festas parroquias, tramitación e burocracias, coas plataformas móbiles, e os espectáculos. Estaba de acordo en que se explicasen as consecuencias desa lei; apoiaría a moción.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** indicou que desde o Concello e tamén desde a Consellería da Xunta de Galicia estaban a traballar neste eido. Ata agora o que había era un escrito que enviaban os representantes das parroquiais, acompañando os documentos da seguridade social e do seguro de responsabilidade civil e así se autorizaban.

A normativa ven a especificar dunha banda entre a presenza de escenarios móbiles, para o que se pide licenza e proxecto e doutra parte para cando non hai escenarios móbiles, e basta con realizar a comunicación previa.

Cumpría dicir que no primeiro caso, as orquestras que teñen estas plataformas xa teñen o proxecto técnico do escenario cuxa autorización xa tramitan e obteñen na Consellería de Industria. Nese caso tamén terán que presentar ese documento no Concello e unha memoria descritiva das actuacións e actividades, ademais dun plan de autoprotección cando se trate de actuacións en lugares pechados cun aforo de máis de dous mil asistentes ou se é aberto, cando estea previsto a asistencia de máis de vinte mil persoas.

De todos os xeitos o Concello esperaba contar en menos dun ano cunha Ordenanza reguladora desta actividade e de adecuación á normativa vixente.

De novo **D. Manuel María González Aller** indicou que non era o único caso.

1) O art. 41 fala de establecementos en determinados casos. Remítese a todos os establecementos ou a algúns en concreto?.

2) Entra dentro destas actividades da lei A Feira do Cocido?

Contestou **D. Román Rodríguez González** reafirmando o xa dito anteriormente sobre os establecementos afectados.

Sobre a segunda pregunta sostivo que neste último caso xa se fai o plan de autoprotección. De feito viña a Garda Civil, Protección Civil, os Bombeiros e elaboraban xuntos o plan de seguridade deste evento tódolos anos.

3) Nas festas parroquiais o Concello realizará as inspección das actividades solicitadas?. Quen fará e pagará a documentación que presenten os representantes parroquias?

Contestou **D. Román Rodríguez González** indicando que serán os propios representantes das parroquias os que deban aportar a documentación. Xa se verá como se actúa desde o Concello, porque a esta entidade lle corresponde a inspección da documentación e dos lugares a utilizar.

4) Pide que estas normas de seguridade tamén se esixan para os establecementos que teñan capacidade de cincocentas persoas.

D. Román Rodríguez González indicou que o faría constar.

Na moción pedíase:

A comparecencia da Alcaldía ou do concelleiro en quen delegue para explicar como vai abordar o concello o cambio lexislativo que vai afectar de xeito moi significativo á organización das festas populares das parroquias, actos lúdicos e recreativos, etc, así como á propia organización do concello no relativo ao control, inspección e taxas.

Unha vez rematado o debate, e dadas as explicacións oportunas por parte do concelleiro de urbanismo **D. Román Rodríguez González**, deuse por realizada a comparecencia solicitada.

9.- MOCIÓNS DO BNG.-

9.1.- MOCIÓN DO BNG EN DEMANDA DE POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 21 de abril de 2014, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 2282. A moción ía ser debatida na sesión celebrada o pasado día 28 de abril de 2014, pero debido á indisposición do voceiro do BNG pospúxose ata a presente sesión. De seguido o *Sr. Secretario* deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 24 de abril de 2014.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, expuxo o contido da mesma que esixía que se reclamase ao Goberno Central unha política diferente en materia de emprego e de fomentar a actividade económica.

Indicou que non se sabían os resultados do Plan EMTRA. “Só coñecementos a declaración de intencións”, afirmou.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** estaba de acordo coa moción, e tamén en reclamar un cambio nas políticas de emprego. A realidade era que hoxe había máis desemprego que antes e que o emprego diminuíu; todo elo grazas ás políticas do goberno central e sobre todo á reforma laboral.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** tamén coincidiu en que cada vez había máis desemprego e menos cartos para fomentar e para incentivar políticas activas de emprego. Isto había que cambialo.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** sinalou a posición do goberno municipal. Esta era unha moción tipo de partido e como tal había que tratala.

Era certo que a lei de racionalización e sustentabilidade da administración local, 27/2013 introducía cambios significativos; non obstante nesa dirección estaba xa a Xunta de Galicia para adaptala ó entorno galego. Había aspectos na lei que gustaban e outros non. En todo caso era unha norma de tránsito.

Sobre a situación económica salientou que o número de afiliados á Seguridade Social subiu, e no prazo dun ano desde que entrou o goberno de *Mariano Rajoy* baixaron en máis de trescentos mil o número de desempregados. Hoxe a dinámica en que se movía a economía era positiva. Por isto rexeitarían a moción.

Rematou **D. Xesús Cordeiro Budiño** reafirmándose no xa dito e pedindo o apoio da corporación á moción.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

1.- Solicitar da Xunta de Galicia que reclame perante o Goberno do Estado español competencias exclusivas en materia de Fomento do Emprego e denuncie a intromisión inadmisíbel da Lei 27/2013 nas competencias de Galicia defendidas polo seu Estatuto en materia de Administración Local.

2.- Solicitar da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, que desempeñe e poña en marcha un Plan de Cooperación para o Fomento do Emprego en todos os concellos de Galicia, con dotación orzamentaria suficiente, sexa reclamando os fondos ao Estado, sexa coa achega de fondos propios da Comunidade Autónoma.

3.- Reclamar a iniciativa do Concello para por en marcha un Plan de Fomento do Emprego consensuado, horizontal, deseñado e dirixido ás capacidades e características do noso territorio.

4.- Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, Presidente do goberno do Estado español, grupos parlamentarios do Parlamento galego e do Congreso dos Deputados.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do

PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.
Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

9.2.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REBAIXA DA PEAXE NA AP-9 E O TRASPASO DA SÚA TITULARIDADE A GALICIA.-

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 11 de abril de 2014, con entrada municipal o día 21 de abril de 2014 e número de rexistro 2281. A moción ía ser debatida na sesión celebrada o pasado día 28 de abril de 2014, pero debido á indisposición do voceiro do BNG se pospuxo ata a presente sesión. De seguido o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 24 de abril de 2014.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, expuxo o contido da mesma. Indicou que o que se pedía na moción tipo de partido, podía tamén trasladarse e aplicarse á AP-53, que si afectaba a Lalín. Indicou que a situación da dita autoestrada se debía á xestión do goberno central do *Sr. José María Aznar*, nun 61 %. Agora que había crise económica, tamén había que rebaixar as tarifas na AP-53 na mesma porcentaxe que se fixo con outras autoestradas e adoptar as mesmas medidas que se tomaron con outras.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** destacou que o seu grupo tiña a mesma posición neste tema que sempre e reclamou ao Sr. Alcalde o mesmo que dixo do tema do CAR: que antes eran épocas de fervor guerreiro e que o grupo de goberno reclamaba. Agora en cambio non se facía nada, mesmo o Sr. Alcalde foi con pancartas. Había que reclamar e facer xustiza neste tema.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** manifestou que lle parecía unha boa idea e sumaríase á mesma.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** salientou que este tema da AP-53 era un dos temas máis tratados neste órgano plenario. O grupo propoñente habilmente co tema da A-9 volvía a falar do tema da AP-53. Neste asunto houbo poucos acordos do pleno, aínda que se retomaba de vez en cando. Rexeitarían a moción.

Na moción pedíase que o Pleno da corporación inste ao Presidente da Xunta de Galicia a:

1.- *Xestionar coa concesionaria da Autoestrada do Atlántico, AP-9, a rebaixa dos prezos das peaxes en, cando menos, un 32%, que é a porcentaxe de aumento das tarifas desde o inicio da crise económica no ano 2007.*

2.- *Instar a Itínere Infraestructuras S.A. (empresa concesionaria) a que aplique, polo uso frecuente, descontos análogos aos que aplica noutras autoestradas do Estado español.*

3.- *Esixir á empresa concesionaria a que repercuta os seus multimillonarios beneficios na mellora da autoestrada que adoce de deficiencias en moitos dos seus tramos, e na mellora da calidade do servizo que experimentou un empeoramento significativo.*

4.- *Demandar do Goberno do Estado español a que proceda á finalización da explotación privada da AP-9 en mans de AUDASA para convertela nunha autopista pública gratuíta que cumpra coa súa función de rede de comunicación que vertebra todo o territorio galego de norte a sur.*

5.- *Posicionarse en contra do fraudulento rescate das autoestradas madrileñas.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

10.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 8/2014. TRAMITACIÓN POR URXENCIA.-

Deuse conta pola Presidencia deste expediente, tramitado por urxencia.

Sometida a votación a urxencia do expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que inclúe vinte e un (21) votos a favor, sendo catorce (14) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, **acordouse dita urxencia.**

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: Seis (6), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG.

Abstencións: unha (1) do PGD.

Xa que logo **APROBOUSE a proposta e o expediente do seguinte tenor:**

A fin de poder atender un gasto realizado durante o exercicio 2008, propónse ó Pleno da Corporación Municipal o recoñecemento extraxudicial de créditos e a aprobación do gasto, con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias segundo a relación individualizada que se une a este expediente e de acordo co artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril e a Base 15 das Bases de Execución do Presuposto para o exercicio de 2014. Ambos establecen expresamente a competencia do Pleno da corporación para o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria.

Trátase de cumprir a Sentencia 47/2014, do 20 de marzo de 2014, ditada polo Xurado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (notificada como firme o día 23 de abril de 2014) que estimou parcialmente o recurso interposto por AGECO Construcciones y Reformas, S.L (endosatario do crédito do importe da certificación de obra) condenando ó Concello de Lalín ó pago de 93.307,43 € correspondentes á certificación emitida en concepto de liquidación das obras de Ampliación do auditorio e conservatorio de música de Lalín, máis o interese legal dos cartos incrementado en 1,5 puntos das cantidades adebedadas.

Falamos dun gasto realizado ou acreditado no exercicio 2008 que non foi posible aprobar con cargo ó correspondente exercicio e que posteriormente foi declarado como non esixible, non recoñecendo polo tanto o mesmo, no seu momento.

A sentenza citada condena ó Concello de Lalín ó pago do importe da certificación de obra, obrigando a abonar ademais en concepto de intereses o interese legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos das cantidades adebedadas, contados a partir do día 24 de maio de 2008 ó terse presentado a certificación en data 24 de marzo de 2008.

Segundo o exposto, o Pleno da corporación **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a liquidación de intereses practicada pola Intervención municipal e conseguinte recoñecemento da obriga a favor de AGECO Construcciones y Reformas, S.L. (CIF: B-15.752.132), segundo o seguinte detalle:

INTERÉS LEGAL + 1,5 P	INTERÉS LEGAL 2008 (5,5%) + 1,5p. = 7%	INTERÉS LEGAL 2009 (5,5%) + 1,5p. = 7%	INTERÉS LEGAL 2009 (4%) + 1,5p. = 5,5 %	INTERÉS LEGAL 2010 (4%) + 1,5p = 5,5 %	INTERÉS LEGAL 2011 (4%) + 1,5p. = 5,5%	INTERÉS LEGAL 2012 (4%) + 1,5p. = 5,5%	INTERÉS LEGAL 2013 (4%) + 1,5p. = 5,5%	INTERÉS LEGAL 2014 (4%) + 1,5p. = 5,5%	TOTAL
IMPORTE DA CERTIFICACIÓN DE OBRA	dende 24/05/2008 (222 días)	ata 31/3 (90 días)	dende abril (275 días)					ata 16/06/2014 data previsión pago (167 días)	LIQUIDACIÓN
93.307,43	3.961,74	1.610,51	3.866,51	5.131,91	5.131,91	5.131,91	5.131,91	2.348,02	125.621,85

Segundo.- O recoñecemento da obriga derivado da aprobación desta liquidación de intereses terá imputación ás seguintes aplicacións orzamentarias, **quedando o acordo de aprobación deste expediente de Recoñecemento Extraxudicial nº 8/2014 sometido á condición suspensiva da entrada en vigor do expediente de Crédito Extraordinario nº 5-P/2014:**

Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
Liquidación obra ampliación Auditorio e Conservatorio de Música de Lalín	334.622.29	93.307,43 €
Liquidación intereses	011.352.01	32.314,42 €

11.- ROGOS E PREGUNTAS.-

11.1.- ROGOS.-

Presentados de xeito verbal durante a sesión.

PSdeG-PSOE.

D. Manuel María González Aller.-

ROGO.- Solicita unha vez máis que tras o actual Ambulatorio, na zona de Alameda, se coloque un valado ou algo que impida que os nenos que xoguen alí ou as persoas que camiñen pola zona poidan caer abaixo do terraplén, tendo en conta o desnivel do terreo existente. Esta petición formulouna el mesmo xa hai uns seis meses. Daquela se dixo polo goberno que o tema estaba en estudo; pero hoxe non se sabía nada, nin se fixo nada.

Respondeu **D. Camilo González Bodaño**, concelleiro delegado de obras e servizos municipais afirmando que: *!estamos niso!*.

11.2.- PREGUNTAS.-

Presentadas de xeito verbal durante a sesión.

PSdeG-PSOE.

D. Manuel María González Aller.-

PREGUNTA.- Quere saber a cantos periódicos e revistas está subscrito o Concello. Esta pregunta faise porque o seu grupo veu unha factura na acta da Xunta de Goberno de subscrición de 1.300 euros ao periódico ABC, cantidade que parecía excesiva.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, indicou que o Concello se subscribiu recentemente ao xornal ABC, a raíz dunha petición que lle fixeron. Non obstante a política do Concello era a estar subscrito a todos os periódicos de gran difusión, e así o estaban.

E, sendo as doce horas e dez minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente